

COMUNICADO Nº 309/22 26 DE DECEMBRO DE 2022

❑ LICENCIAS AUTONÓMICAS ÚNICAS 2022 = LICENCIAS ESTATAIS 2023:

A nova Lei do Deporte Estatal, terceira da democracia española, foi aprobada no Congreso dos Deputados, pendente de publicación no B.O.E. que previsiblemente se fará antes de que acabe o presente mes de decembro do 2022. Ante as enmendas o texto inicial, de partidos políticos de Cataluña e do País Vasco, evítase pagala cuota de integración que algunhas federacións estatais pretendían impoñer as federacións autonómicas.

A F.G.A. inicialmente correspondíalle pagar a estatal (94.657€ por cada ano de integración) das tempadas 2022 e 2023; que agora queda suspendida e anulada a tódolos efectos coa aprobación das enmendas incluídas na nova Lei de Deporte Estatal. Noutro eido ante o cambio de expedición de licencias deportivas de ámbito estatal, que a partir da tempada 2023, inclusive, a cargo e expedición pola **“Real Federación Española de Automovilismo”**; o que mudará de novo a Madrid a competencia das licencias estatais. A Galicia e a súa federación, esta novidade, suponlle unha merma nos seus ingresos e nos seus presupostos de arredor dun 65% menos de ingresos, o que aminorará a prestación de servizos que se viñan prestando subvencionados o 100% as escuderías e os comités organizadores dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo.

Mais alá das polémicas, o texto da nova Lei ten como eixe central a clasificación do deporte como un dereito fundamental e a definición dos dereitos dos deportistas profesionais.

A igualdade dentro do deporte tamén pasa a ser unha das materias de relevancia; e que, ademais, e consciente da súa dimensión social. Coa lexislación na man, deberáanse de equilibrar a presenza de homes e mulleres nos postos directivos e federativos.

Tamén os Tribunais Deportivos (TAD) xa non recibirán en vía de recurso as sancións emitidas polas federacións. Estas, a partir de agora, poderán esclarecerse mediante a xurisdición civil, ou por un sistema de arbitraje, pese a que iste non está todavía definido. En resumen toca volver ao traballo da **“Licencia Autonómica Exclusiva de Galicia”**, cambialo Anexo I do Anuario canto antes, tarefa que lle corresponde a nova Asemblea da F.G.A. para preservalos intereses de Galicia e dos galegos.

Outra das iniciativas mais chamativas da nova Lei e a intención de democratizar o acceso as directivas dos clubs profesionais, o que elimina a obriga de que os clubs sexan sociedades anónimas deportivas. Tamén se eximirá das xuntas directivas dos clubs profesionais que non sexan sociedades anónimas de avalar cun tanto por cento dos seus presupostos. Os avais serán postos e fixados por cada clube.

Pese a polvareda dos últimos meses no Congreso dos Deputados, que perxudicaban en sobremaneira as federacións autonómicas; coas enmendas presentas no Senado que foron aceptadas e devoltas ao Congreso coa Lei cambiada favorecen en parte as Federacións Autonómicas, pero devolve a cruda realidade, a federación estatal, as licencias estatais a tódolos efectos.